



Concello de
OURENSE

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OURENSE E ATENEO DE OURENSE

Ourense, 29 decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, o Señor alcalde-presidente do Concello de Ourense, Don Jesús Vázquez Abad, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Ourense, con D.N.I. nº 36.076.793 M, na representación que ostenta en virtude do seu cargo e asistido polo oficial maior don Carlos Javier Fernández Fernández para dar fe do acto.

E da outra, D. Pablo Santiago González Prieto con DNI 34.576.038 T que actúa como Vicepresidente de "ATENEO DE OURENSE", en calidade de Presidente do mesmo, con CIF G 320069094 , e con enderezo social na rúa Avd. da Habana nº 25 baixo de Ourense, CP 32003

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a finalidade do presente convenio é canalizar a favor da entidade beneficiaria "ATENEO DE OURENSE" a subvención que figura no vixente Orzamento municipal do ano 2017, segundo o crédito consignado na partida 200 3340 48947, co seguinte tenor literal: "Convenio con Ateneo de Ourense", sendo o importe da dotación de 6.000 € (seis mil euros), correspondente ao ano 2017, así como establecer as condicións e compromisos que asume a entidade beneficiaria.

Segundo.- Que na Xunta de goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 29 de decembro de 2017, aprobouse o desenvolvemento do fin do presente convenio e se faculta ó alcalde-presidente para a súa sinatura.

Terceiro.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 19.4.a) que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos xerais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 26.1 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. O que resulta de aplicación a entidades locais segundo o disposto no artigo 1 do citado texto legal. Igualmente, neste senso expresase o artigo 22.2.a) de carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas partes acordan firmar o presente convenio, coas seguintes cláusulas:

1.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos aplicables consonte o establecido na normativa vixente, particularmente o artigo 65 do R.D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Ley 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e que desenvolve o artigo básico 22.2.a) da Lei.

Consonte o certificado de retención de crédito do 20 de decembro de 2017, con número de operación 201700062650, e segundo a providencia de data 12 de decembro de 2017, da concellería delegada de Cultura é obxecto da subvención o funcionamento normal da entidade cara a realización de actividades de difusión e proxección cultural, particularmente:

1.- Desenvolvemento de proxectos de difusión cultural.



- 2.- Organización e realización e todo tipo de actividades divulgativas e académicas como: conferencias, cursos, seminarios, simposios, congresos, desenvolvemento de obradoiros educativos e culturais.
- 3.- Presentación de publicacións, traballos de investigación e de calquera outro tipo de materiais de carácter divulgativo, científico, académico, que resulten de interese.
- 4.- Colaboración e intercambio en todo tipo de proxectos culturais de interese común.
- 5.- Accións informativas a través de dípticos, trípticos, intervencións en radio e TV dirixidas tanto a toda a sociedade como aos socios de Ateneo de Ourense.
- 6.- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades e dos obxectivos das partes asinantes deste convenio.

Non se poderán aplicar os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade dos que se corresponden co obxecto deste convenio.

II.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN O APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A contía da subvención non poderá exceder do 75% do custo total da actividade desenvolvida e debidamente xustificada, cunha **achega máxima, en todo caso, de 6.000 euros**, producíndose a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación dentro do prazo de dous meses dende o final da vixencia do convenio.
2. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 200 3340 48947.
3. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente executado.
4. Para o caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente executado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

III.- PUBLICIDADE DA FINANCIACIÓN MUNICIPAL.

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a actividade, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, farase constar sempre o financiamento do Concello de Ourense.
2. Coa memoria a que se refire a cláusula V deste convenio achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

IV.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria está suxeita ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 4 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.
2. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ase mesmo, as obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



V.- A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A xustificación da subvención realizarase coa modalidade de "presentación de estados contables", que será presentada pola entidade beneficiaria, coa seguinte documentación:

- **Instancia** suscrita polo Presidente da entidade dirixida ao Alcalde-Presidente na que se solicite o pagamento da subvención concedida.
- **Memoria de avaliación** das actividades realizadas dentro do obxecto do presente convenio, na que se xustifique o cumprimento das condicións impostas no mesmo.
- **Presentación de contas** anuais oficiais coa certificación da súa aprobación polo órgano estatutariamente competente, nas que se fará constar:
 1. Balance de situación
 2. Conta de perdas e ganancias
 3. Memoria e informe de xestión
- **Acreditación de estar ó día** no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VII.

Os estados e documentos que conforman as contas anuais deberán presentarse debidamente dilixenciados polo Presidente e o Secretario da entidade ou, de selo caso, por quen desenvolva estatutariamente estas funcións.

VI.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A actividade obxecto de financiamento municipal corresponde ao ano 2017.

A entidade beneficiaria queda obrigada a presentar a xustificación na modalidade establecida na cláusula V deste Convenio no prazo máximo de dous meses desde o fin da vixencia do convenio. Para o cómputo do prazo estarase ao disposto no artigo 30.4 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta designada pola beneficiaria.

Só se procederá ao libramento da subvención concedida **previa a xustificación polo beneficiario do gasto realizado nos termos e coas formalidades sinalados na cláusula V deste Convenio** e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense e demais normativa reguladora de subvencións.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.

VII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á firma deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, co Concello de Ourense e coa Seguridade Social. A acreditación do cumprimento desta obrigas farase mediante certificación expedida pola administración competente



2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Ourense determinarase de oficio por este.

VIII.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

Para os efectos do artigo 21 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense o Servizo de cultura, xuventude e participación cidadá será o servizo competente para a comprobación da aplicación da subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE OURENSE E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e os artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser elixida pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento desta e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio.

2. Ase mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de se lo caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO E PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN.

Procederá o reintegro da subvención por concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 23 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por importe superior ao 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

O incumprimento das súas obrigas por parte da entidade beneficiaria poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas a Intervención Xeneral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvenciones, coa exclusiva finalidade prevista en este precepto e co debido respecto á protección de los datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Ase mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Ourense remitirá a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do Concello.



**Concello de
OURENSE**

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA E MODIFICACIÓN.

O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa firma hasta o día 31 de decembro de 2017.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que aparezan na interpretación das súas cláusulas se aplicarán as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia. Con carácter supletorio se aplicará a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran aparecer na aplicación do presente convenio lle corresponderá á Xunta de Goberno do Concello de Ourense previos os informes preceptivos.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que podan aparecer como consecuencia do presente convenio.

"E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes firman o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados.

O Alcalde-Presidente

Asdo.: Jesús Vázquez Abad



O Vicepresidente do Ateneo de Ourense

Asdo.: Pablo Santiago González Prieto

O Oficial Maior

Asdo.: Carlos Javier Fernández Fernández



ANEXO I

D. Pablo Santiago González Prieto con DNI 34.576.038 T e domicilio en Ourense rúa Avd. da Habana nº 25 baixo CP 23003, en calidade de Vicepresidente de ATENEO DE OURENSE , con domicilio a efectos de notificación en rúa Avd. da Habana nº 25-baixo CP 32003 localidade Ourense Tfno 988 372075.

Dª Isabel Salgado Parada en calidade de beneficiaria da subvención nominativa do Concello de Ourense para actividades culturais, DECLARA:

1. Que no se encontra incurso/a en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, e para eses efectos cumprimenta o documento que conforma o Anexo II.
2. Que se compromete a comunicar a este Concello calquera modificación das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención.
3. Que para o obxecto da subvención deste convenio,

ATENEO DE OURENSE non ha solicitado nin recibido ningunha subvención de outras Administracións Públicas nin de Entidades Públicas ou Privadas.

___ Ten solicitado e recibido as subvenciones que a continuación se relacionan:

a) Subvenciones de administracións ou entidades públicas:

ENTIDADE.....
CONCEDIDA OU SOLICITADA
CANTIDADE

b) Subvenciones de entidades privadas:

ENTIDADE.....
CONCEDIDA OU SOLICITADA
CANTIDADE

4. Así mesmo, comprométese, incluso con posterioridade á xustificación dos fondos recibidos, e tan pronto como se coñeza, a comunicar ao Concello de Ourense a obtención doutros ingresos e subvencións para a mesma finalidade.

En Ourense a 29 de decembro de 2017

Asdo: Pablo Santiago González Prieto

(1) Riscar o que proceda.





Concello de
OURENSE

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO.

D. Pablo Santiago González Prieto con DNI 34.576.038 T e domicilio en Avd. da Habana nº 25-baixo de Ourense, provincia de Ourense, CP 32003 como Vicepresidente. da Entidade ATENEO DE OURENSE con domicilio en Avd. da Habana nº 25-baixo de Ourense,

DECLARA que ATENEO DE OURENSE 1.- Non ten sido condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas. 2.- Non ten solicitado a declaración de concurso, ni foi declarado/a insolvente en calquera procedemento, nin se encontra declarado/a en concurso, nin esta suxeito/a a intervención xudicial, nin foi inhabilitado/a conforme á Lei Concursal sin que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. 3.- Non deu lugar, por causa da que fora declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración. 4.- Os seus administradores e representantes legais non están incurso en ningún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias. 5.- Non ten pendente o pago de obrigas por reintegro de subvenciones. 6.- Non foi sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo o previsto na Lei xeral de subvencións ou na Lei xeral tributaria. 7.- Que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, manifestando o seu consentimento expreso para que o Servizo correspondente da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Administración tributaria da Comunidade Autónoma, respectivamente, cedan ao Concello de Ourense a información relativa ao cumprimento de tales obrigas.

En Ourense a 29 de decembro de 2017

Asdo.: Pablo Santiago González Prieto

